# FILA Miño

BOLETÍN INFORMATIVO DE LA SOCIEDAD
FILATÉLICA, NUMISMÁTICA Y VITOLFÍLICA "MIÑO" • OURENSE

Nº 36 | Sepriembre | 2008


## AVANCE SAN MARTIÑO 2008



San Martiño de Betán

Baños de Molgas

Ourense




Cartel anunciador de la XVIII Exposición San Martiño

# LA DIRECTIVA INFORMA
# *A DIRECTIVA INFORMA*

## FE DE ERRATAS…

En nuestro anterior **boletín número 35** por un error se imprimió como perteneciente al mes de enero cuando en realidad corresponde al mes de **mayo de 2008**, rogamos disculpéis este fallo y toméis nota de la incidencia.

## ABRIL 2008

El día 1 de abril se lanzó el **sello** dedicado a la Iglesia de San Martiño de **Vilarrubín** en el “Concello de A Peroxa” y que se corresponde con la exposición del año 2006. Estos sellos también los emitimos en sobre conmemorativo y con matasellos del día de emisión, además de la correspondiente tarjeta postal máxima.

A finales de este mismo mes de abril nuestra socia María Elisa Abad Suárez participó en el **Congreso** sobre Patrimonio en la Universidad de Ourense con la ponencia “ O Patrimonio Ourensán na Filatelia Española”.

## MAYO 2008

El 3 de mayo, día de la Santa Cruz, después de la misa del mediodía fue presentado en su capilla un sello personalizado con la efigie del **Santo Cristo** de de la Catedral de Ourense en un precioso acto con asistencia de una gran representación del clero, confeccionándose, además, una tarjeta postal máxima y un tríptico conmemorativo de los actos, destacando la entrega de un cuadro al Señor Obispo de nuestra Diócesis con un pliego de sellos para el Museo Catedralicio. Noticia que se pudo seguir a través de la prensa, radio y televisión locales.

## *FE DE ERRATAS…*

*No noso anterior* ***boletín número 35*** *por un erro imprimiuse como pertencente ao mes de xaneiro cando en realidade corresponde ao mes de* ***maio de 2008****, rogamos desculpedes este fallo e tomedes nota da incidencia.*

## *ABRIL 2008*

*O día 1 de abril lanzouse o* ***selo*** *dedicado á Igrexa de San Martiño de* ***Vilarrubín*** *no Concello de A Peroxa e que se corresponde coa exposición do ano 2006. Estes selos tamén os emitimos en sobre conmemorativo e con cuño do día de emisión, ademais do correspondente cartón postal máximo.*

*A finais deste mesmo mes de abril a nosa socia María Elisa Abad Suárez participou no* ***Congreso*** *sobre Patrimonio na Universidade de Ourense co relatorio “ O Patrimonio Ourensán na Filatelia Española”.*

## *MAIO 2008*

*O 3 de maio, día da Santa Cruz, despois da misa do mediodía foi presentado na súa capela un selo personalizado coa efixie do* ***Santo Cristo*** *da Catedral de Ourense nun precioso acto con asistencia dunha gran representación do clero, confeccionándose, ademais, un cartón postal máximo e un tríptico conmemorativo dos actos, destacando a entrega dun cadro ao Señor Bispo da nosa Diocese cun prego de selos para o Museo Catedralicio. Noticia que se puido seguir a través da prensa, radio e televisión locais.*

Del 17 al 25 de mayo llevamos una exposición a la villa de Maceda que estuvo ubicada en el Castillo de aquella localidad, presentándose el día 17, “Día das Letras Galegas”, un **sello** personalizado dedicado al **Cardenal Quiroga y matasellos** especial, con su correspondiente sobre conmemorativo, también se expidió tarjeta máxima postal. Debemos de destacar aquí la magnífica organización de que hizo muestra la Corporación Municipal de Maceda con una serie de actos culturales alrededor de la Exposición, así como la masiva asistencia de los habitantes de aquella villa.

El mismo día 17 vio la luz nuestro **boletín número 35**.

**Coincidiendo con las fiestas del Colegio Cardenal Cisneros** y en esta misma fecha del 17 de mayo, nuestros infantiles expusieron sus trabajos filatélicos en su colegio, dando muestras de haberse aprendido muy bien la lección y mereciendo una nota muy alta. Desde estas páginas la Junta Directiva desea reconocer su esfuerzo y los anima para continuar el camino emprendido.

También el día 17 de mayo y apoyando a la fiesta etnográfica que **RAIGAME**, lleva a cabo en la localidad de Vilanova dos Infantes colaboró nuestra socia Maria Elisa Abad Suárez exponiendo su colección “Ribeiro, Terra de Viño”.

El domingo 25 de mayo, la Voz de Galicia dedica una página a la filatelia en el artículo de “Tal palo tal astilla” personificado en la afición de nuestros socios **“los Danieles”** padre e hijo.

*Do 17 ao 25 de maio levamos unha exposición á vila de Maceda que estivo situada no Castelo daquela localidade, presentándose o día 17, “Día das Letras Galegas”, un **selo** personalizado dedicado ao **Cardeal Quiroga e cuño** especial, co seu correspondente sobre conmemorativo, tamén se expediu cartón máximo postal. Debemos de destacar aquí a magnífica organización de que fixo mostra a Corporación Municipal de Maceda cunha serie de actos culturais ao redor da Exposición, así como a masiva asistencia dos habitantes daquela vila.*

*O mesmo día 17 viu a luz o noso **boletín número 35**.*

***Coincidindo coas festas do Colexio “Cardenal Cisneros”** e nesta mesma data do 17 de maio, os nosos infantís expuxeron os seus traballos filatélicos no seu colexio, dando mostras de haberse aprendido moi ben a lección e merecendo unha nota moi alta. Desde estas páxinas a Xunta Directiva desexa recoñecer o seu esforzo e animaos para continuar o camiño emprendido.*

*Tamén o día 17 de maio e apoiando á festa etnográfica que **RAIGAME**, leva a cabo na localidade de Vilanova dos Infantes colaborou a nosa socia Maria Elisa Abad Suárez expondo a súa colección “Ribeiro, Terra de Viño”.*

*O domingo 25 de maio, a Voz de Galicia dedica unha páxina á filatelia no artigo de Tal pau tal acha personificado na afección dos nosos socios **“os Danieles”** pai e fillo.*

**JUNIO 2008**

En “Los domingos de la voz” del día 1 de junio de 2008, pudimos leer un artículo que recuerda el 25 aniversario de la Primera **Exposición Militaria** en La Coruña en justo reconocimiento a la Comisión organizadora de aquel evento

***XUÑO 2008***

*En “Los Domingos de La Voz” do día 1 de xuño de 2008, puidemos ler un artigo que recorda o 25 aniversario da Primeira **Exposición Militaria** na Coruña en xusto recoñecemento á Comisión organizadora daquel evento*

y en la cual trabajó activamente nuestro socio y expresidente de la Federación Gallega de Sociedades Filatélicas Don José Freijanes Domínguez al cual entrevistan en este artículo. Amigo Pepe: nosotros también queremos unirnos a este homenaje en reconocimiento a tu trabajo en favor de la filatelia gallega y nos congratulamos al ver que vuestro esfuerzo, pese al tiempo transcurrido, se recuerda y valora al tiempo que animamos a las nuevas generaciones para que aporten su granito de arena como vosotros hicisteis desinteresadamente en su momento.

El día 2 de junio presentamos un **sello** personalizado dedicado a la Iglesia de **San Martiño de Lamas** en el Concello de San Cristóbal de Cea, que corresponde a la Exposición del año 2005, este sello se emitió, además, con tarjeta postal máxima y matasellos de Cea de ese día.

El día 8 de junio la Junta Directiva celebró su última reunión antes de las vacaciones y entre los acuerdos que se tomaron quizá el más importante, como se puede comprobar por éste, fue el de confeccionar los **boletines de la Sociedad en Castellano y Gallego.**

También se acordó no emitir más sellos personalizados hasta después de nuestra exposición en la que saldrá el de la Iglesia de San Martiño de Betán.

Siguiendo con nuestro trabajo en pro de las exposiciones San Martiño, ya hicimos una visita institucional y visitamos la candidata a **San Martiño 2009**, de lo cual daremos amplia información después de la exposición de noviembre en la cual será presentado.

El día 24 de junio fue presentada la segunda parte del libro **"Historia de la Federación Gallega de Sociedades Filatélicas"** editado por la Diputación Provincial de Ourense y presentado en esta Diputación por Ana Malingre, Jefa de Publicaciones de la entidad,

*e na cal traballou activamente o noso socio e expresidente da Federación Galega de Sociedades Filatélicas Don José Freijanes Domínguez ao cal entrevistan neste artigo. Amigo Pepe: nós tamén queremos unirnos a esta homenaxe en recoñecemento ao teu traballo en favor da filatelia galega e congratulámonos ao ver que o voso esforzo, pese ao tempo transcorrido, recórdase e valora á vez que animamos ás novas xeracións para que acheguen o seu granito de area como vós fixestes desinteresadamente no seu momento.*

*O día 2 de xuño presentamos un **selo** personalizado dedicado á Igrexa de **San Martiño de Lamas** no Concello de San Cristóbal de Cea, que corresponde á Exposición do ano 2005, este selo emitiuse, ademais, con cartón postal máximo e cuño de Cea dese día.*

*O día 8 de xuño a Xunta Directiva celebrou a súa última reunión antes das vacacións e entre os acordos que se tomaron quizá o máis importante, como se pode comprobar por este, foi o de confeccionar os **boletíns da Sociedade en Castelán e Galego**.*

*Tamén se acordou non emitir máis selos personalizados até despois da nosa exposición na que sairá o da Igrexa de San Martiño de Betán.*

*Seguindo co noso traballo en prol das exposicións San Martiño, xa fixemos unha visita institucional e visitamos a candidata a San Martiño 2009, do cal daremos ampla información despois da exposición de novembro na cal será presentado.*

*O día 24 de xuño foi presentada a segunda parte do libro **"Historia da Federación Galega de Sociedades Filatélicas"** editado pola Deputación Provincial de Ourense e presentado nesta Deputación por Ana Malingre, Xefa de Publicacións da entidade,*

en representación del Presidente Don José Luis Baltar Pumar y el Presidente de Fegasofi Don Valentín Suárez Alonso. A la misma asistió una pequeña representación de nuestra Sociedad.

## AGOSTO 2008

Se continúa trabajando en la **página Web** de la Sociedad, añadiendo puntualmente acontecimientos relativos al mundo del coleccionismo. A comienzos de este mes ya pasábamos de las **10.000 visitas.**

*en representación do Presidente Don José Luís Baltar Pumar e o Presidente de Fegasofi Don Valentin Suárez Alonso. Á mesma asistiu unha pequena representación da nosa Sociedade.*

## *AGOSTO 2008*

*Continúase traballando na **páxina Web** da Sociedade, engadindo puntualmente acontecementos relativos ao mundo do coleccionismo. A comezos deste mes xa pasabamos das **10.000 visitas.***



*Filatelistas asistentes al acto de presentación del Libro “Historia de la Federación Gallega de Sociedades Filatélicas”*

## SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA DE BETÁN YA VIENE DE CAMIÑO
## *SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA DE BETÁN XA VEN DE CAMIÑO*



*Tomás de Novoa "pasea a San Martiño" para la sesión fotográfica gracias a la amabilidad del párroco de Betán.*

*Comenzaba el" viaje" del Santo hasta nuestra "San Martiño" 2008*

Del 10 al 16 de noviembre de 2008 se celebrará en el Aula de Cultura del Liceo de Ourense la **XVIII Exposición San Martiño**, evento cultural ya consolidado en nuestra ciudad.

La preparación comenzó en la edición pasada con el avance; posteriormente se pasó a la sesión de fotos; para ello amablemente el párroco dejó la imagen del Santo bajada del retablo del altar para la fiesta para que pudiésemos retratarla con mayor facilidad; después ideas, montajes, composiciones,…; decidir el programa de actos y ahí va una avanzadilla del mismo: Los días 8 y 9 se procederá al montaje de la misma.

El día 10 se instalará la estafeta temporal con el correspondiente matasellos y se dará una rueda de prensa de presentación a los medios de comunicación. Durante la misma se presentará el sello de correos dedicado a la Iglesia de San Martiño de Betán del Ayuntamiento de Baños de Molgas.

El día 11 será la Inauguración oficial con asistencia de las autoridades locales; y a lo largo de la semana se desarrollarán una serie de actividades relacionadas con el mundo del coleccionismo.

*Do 10 ao 16 de novembro de 2008 celebrarase na aula de Cultura do Liceo de Ourense a XVIII Exposición San Martiño, evento cultural xa consolidado na nosa cidade.*

*A preparación comezou na edición pasada co avance; posteriormente pasouse á sesión de fotos; para iso amablemente o párroco deixou a imaxe da Santo baixada do retablo do altar para a festa para que puidésemos retratala con maior facilidade; despois ideas, montaxes, composicións…; decidir o programa de actos e aí vai unha avanzada do mesmo:*

*Os días 8 e 9 procederase á montaxe da mesma.*

*O día 10 instalarase a estafeta temporal co correspondente cuño e darase unha rolda de prensa de presentación aos medios de comunicación. Durante a mesma presentarase o selo de correos dedicado á Igrexa de San Martiño de Betán do Concello de Baños de Molgas*

*O día 11 será a Inauguración oficial con asistencia das autoridades locais; e ao longo da semana desenvolveranse unha serie de actividades relacionadas co mundo do coleccionismo.*

# SAN MARTIÑO 2008
## SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA DE BETÁN ( Baños de Molgas)

*Por Emilio Díaz*




La sociedad, **dando continuidad** al acto celebrado en el mes de noviembre del pasado año, durante la celebración en honor a San Martiño de Loiro, **va a celebrar en noviembre de este año 2008 su XVIII Exposición dedicada a San Martiño de Betán.**

Confirma de este modo, el acuerdo tomado por la Junta Directiva, de hacer relevo todos los años en el homenaje de una parroquia con la presentación de la siguiente.

Como había quedado establecido, en el brillante acto de presentación del 10 de noviembre del pasado año, se va a celebrar la **XVIII Exposición**, en homenaje a la parroquia de **SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA DE BETÁN**, regida por el párroco **D. Francisco Tesouro Rejo** y que comprende los lugares de población en: Betán, Brandín, Cardoeiros, Guede, Nogueira de Abaixo, Nogueira de Arriba, San Martiño y Sanguñedo.

Esta parroquia se localiza a 687 m de altitud en la parte norte del municipio de **BAÑOS DE MOLGAS**, regido por su alcalde **D. Eladio Mangana Novoa.**

*A sociedade, **dando continuidade** ao acto celebrado no mes de novembro do pasado ano, durante a celebración na honra de San Martiño de Loiro, **vai celebrar en novembro deste ano 2008 a súa XVIII Exposición dedicada a San Martiño de Betán.***

*Confirma deste xeito, o acordo tomado pola Xunta Directiva, de facer substitución todos os anos na homenaxe dunha parroquia coa presentación da seguinte.*

*Como quedara establecido, no brillante acto de presentación do 10 de novembro do pasado ano, vaise a celebrar a **XVIII Exposición,** en homenaxe á parroquia de **SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA DE BETÁN**, rexida polo párroco **D. Francisco Tesouro Rejo** e que comprende os lugares de poboación en: Betán, Brandín, Cardoeiros, Guede, Nogueira de Abaixo, Nogueira de Arriba, San Martiño e Sanguñedo.*

*Esta parroquia localízase a 687 m de altitude na parte norte do municipio de **BAÑOS DE MOLGAS**, rexido polo seu alcalde **D. Eladio Mangana Novoa.***



Vista general de la Iglesia

La **IGLESIA PARROQUIAL** de estilo arquitectónico **PROTOGÓTICO**, con portada románica de transición que conteniendo variados elementos, la sitúan en la época constructiva de los cercanos templos de Sta. Mariña de Augas Santas y de Xunqueira de Ambía.

Nos encontramos ante un templo cuya construcción data del último tercio del S. XII y comienzos del S. XIII (1189-1230), años en que el rey Alfonso IX estableció corte en la villa de Allariz, haciéndola capital y llave del Reino de Galicia y cuando los canónigos Reglares de San Agustín toman posesión del cenobio de Xunqueira de Ambía y habitan la casa de Sta. Mariña de Augas Santas, rigiendo los comienzos constructivos de su iglesia, también de estilo arquitectónico de un románico tardío y supervisando todos los templos de propiedad privada de los alrededores, como el de SAN MARTIÑO de Betán.

Sobre el dintel de la puerta principal del templo, su tímpano enmarca en un arco apuntado de estilo ojival, **un relieve pétreo**, que representa una cruz de brazos anchos tipo bizantino, cobijando entre estos unos animales mitológicos de origen templario.

**La Junta Directiva invita** a todos a participar en los actos de la Exposición anticipando nuestro agradecimiento por la buena acogida y la colaboración prestada por el **"Concello de MOLGAS"** y el **párroco de SAN MARTÍN DE BETÁN.**

*A **IGREXA PARROQUIAL** de estilo arquitectónico **PROTOGÓTICO**, con portada románica de transición que contendo variados elementos, sitúana na época construtiva dos próximos templos de Sta. Mariña de Augas Santas e de Xunqueira de Ambía.*

*Atopámonos ante un templo cuxa construción data do último terzo do S. XII e comezos do S. XIII (1189-1230), anos en que o rei Alfonso IX estableceu corte na vila de Allariz, facéndoa capital e chave do Reino de Galicia e cando os cóengos Regulares de San Agustín toman posesión do cenobio de Xunqueira de Ambía e habitan a casa de Sta. Mariña de Augas Santas, rexendo os comezos construtivos da súa igrexa, tamén de estilo arquitectónico dun románico tardío e supervisando todos os templos de propiedade privada dos arredores, como o de SAN MARTIÑO de Betán.*

*Sobre o dintel da porta principal do templo, o seu tímpano enmarca nun arco apuntado de estilo ojival, **un relevo pétreo**, que representa unha cruz de brazos anchos, acubillando entre estes uns animais mitológicos de orixe templario.*

***A Xunta Directiva convida** a todos a participar nos actos da Exposición anticipando o noso agradecemento pola boa acollida e a colaboración prestada polo **"Concello de MOLGAS"** e o párroco de **SAN MARTIÑO DE BETÁN.***



*Relieve sobre el dintel de la puerta*

## EL SANTO CRISTO RECORRERÁ EL MUNDO EN UN SELLO
## *O SANTO CRISTO PERCORRERÁ O MUNDO NUN SELO*

La Sociedad Filatélica, Numismática y Vitolfílica Miño de Ourense en estrecha colaboración con el Obispado de Ourense presentó un **Sello de Correos** dedicado al **Santo Cristo de la Catedral.**

Es el primer sello dedicado a la Catedral de nuestra ciudad; recorrerá el mundo difundiendo así una de las joyas de nuestro patrimonio cultural y artístico; la Sociedad Miño ha promovido su realización con la finalidad de conmemorar la última restauración de la capilla en la que se aloja, rematada este año.

La presentación oficial tuvo lugar en la propia Capilla el día 3 de mayo de 2008 con presencia de distintos medios de comunicación y ante numeroso público que consideraba éste como un evento de importante relevancia para los orensanos, ya que El Santo Cristo, Las Burgas y el Puente Romano simbolizan nuestra ciudad.

*A Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño de Ourense en estreita colaboración co Bispado de Ourense presentou un **Selo de Correos** dedicado ó **Santo Cristo da Catedral.***

*É o primeiro selo dedicado á Catedral da nosa cidade; percorrerá o mundo difundindo así unha das xoias do noso patrimonio cultural e artístico; a Sociedade Miño promoveu a súa realización coa finalidade de conmemorar a última restauración da Capela na que se aloxa, rematada neste ano.*

*A presentación oficial tivo lugar na propia Capela o día 3 de maio de 2008 con presenza de distintos medios de comunicación e ante numeroso público que consideraba este como un evento de importante relevancia para os ourensáns, xa que O Santo Cristo, As Burgas e a Ponte Romana simbolizan a nosa cidade.*



*José Barros, Serafín Marqués y Mª Elisa Abad en la Presentación del sello.*



*El obispo recibe el cuadro con el pliego del sello ante el Santo Cristo*

El acto se inició con el saludo del Presidente de la Sociedad, D. José Barros, que pasó la palabra a la diseñadora del sello, Mª Elisa Abad. Cerró la presentación el Dean de la Catedral, D. Serafín Marqués, que en nombre del Obispo de la Diócesis agradeció la iniciativa.

Horas más tarde, miembros de la Sociedad se reunieron con D. Luis Quinteiro Fiuza, Obispo de Ourense, haciéndole entrega de un cuadro con un pliego del sello para que se conserve en el Museo Catedralicio. En la homilía de la misa que celebró a las 6 de la tarde, el Obispo dedicó unas cariñosas palabras al sello y a la Sociedad.

*O acto iniciouse co saúdo do Presidente da Sociedade, D. José Barros, que pasou a palabra á deseñadora do selo, Mª Elisa Abad. Pechou a presentación o Dean da Catedral, D. Serafín Marqués, que en nome do Bispo da Diocese agradeceu a iniciativa.*

*Horas máis tarde, membros da Sociedade reuníronse con D. Luís Quinteiro Fiuza, Bispo de Ourense, facéndolle entrega dun cadro cun prego do selo para que se conserve no Museo Catedralicio. Na homilía da misa que celebrou ás 6 da tarde, o Bispo dedicou unhas cariñosas palabras ao selo e á Sociedade.*



*Algunos socios asitentes al acto: Lina, Ángeles, Marila, Emilio, Tomás, Barros y Rafa con el sello.*

# II CONGRESO DE PATRIMONIO CENTENARIO XAQUÍN LORENZO "XOCAS"




*Xosé Manuel Cid, Arturo Fdez.Araujo y Mª Elisa Abad Suárez*

Del 23 al 28 de abril de 2008 se celebró en la Facultad de Ciencias de la Educación de la Universidad de Vigo-Campus de Ourense el IIº CONGRESO DE PATRIMONIO "O patrimonio no século XXI" en el centenario de Xaquín Lorenzo, nuestro primer secretario. Allí ha tenido cabida la difusión filatélica ya que nuestra socia, Mª Elisa Abad Suárez, participó como relatora con la comunicación titulada: **"O PATRIMONIO OURENSÁN NA FILATELIA ESPAÑOLA".**

Un recorrido por los distintos elementos postales que tienen en su ilustración una imagen del patrimonio orensano comenzando por el sello dedicado a D. Xaquín Lorenzo como defensor de nuestro patrimonio cultural y filatelista.

*Do 23 ao 28 de abril de 2008 celebrouse na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo-Campus de Ourense o IIº CONGRESO DE PATRIMONIO "O patrimonio no século XXI" no centenario de Xaquín Lorenzo, o noso primeiro secretario. Alí tivo cabida a difusión filatélica xa que a nosa socia, Mª Elisa Abad Suárez, participou como relatora coa comunicación titulada:* ***"O PATRIMONIO OURENSÁN NA FILATELIA ESPAÑOLA".***

*Un percorrido polos distintos elementos postais que teñen na súa ilustración unha imaxe do patrimonio ourensán comezando polo selo dedicado a D. Xaquín Lorenzo como defensor do noso patrimonio cultural e filatelista.*

## EL CARDENAL QUIROGA PALACIOS Y EL CASTILLO DE MACEDA UNIDOS PARA SIEMPRE POR LA FILATELIA

## *O CARDEAL QUIROGA E O CASTELO DE MACEDA UNIDOS PARA SEMPRE POLA FILATELIA*

La Sociedad Filatélica, Numismática y Vitolfílica Miño de Ourense en colaboración con el Ayuntamiento de Maceda presentó el **Sello de Correos** dedicado al **Cardenal Fernando Quiroga Palacios** el día 17 de mayo de 2008, "Día das Letras Galegas". El lugar elegido para el evento fue el incomparable marco del Castillo de Maceda, localidad natal del Cardenal, ilustre miembro de la iglesia del siglo pasado.

Todos los que por allí pasaron tuvieron ocasión de estampar en sus cartas el matasellos especial ilustrado con la imagen del Castillo.

*A Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño de Ourense en colaboración co Concello de Maceda presentou o* ***Selo de Correos*** *dedicado ao* ***Cardeal Fernando Quiroga Palacios*** *o día 17 de maio de 2008,"Día das Letras Galegas". O lugar elixido para o evento foi o incomparable marco do Castelo de Maceda, localidade natal do Cardeal, ilustre membro da igrexa do século pasado.*

*Todos os que por alí pasaron tiveron ocasión de estampar nas súas cartas o cuño especial ilustrado coa imaxe do Castelo.*



*Entre el público, miembros de la corporación municipal de Maceda: José Antonio, Ana, Xulio, Bieito Seara, Director General de Acción Social; y miembros de la Sociedad: Tomás, Pulido, Ángeles, Julio,…*

Al acto inaugural estuvo presidido por el Alcalde de Maceda, Xabier Oviedo, al que acompañaron el Delegado Provincial de la Consellería de Cultura y Deporte, Xosé Carlos Sierra, Francisco Nóvoa, promotor de la idea, José Barros, Presidente de la Sociedad Miño, Mª Elisa Abad autora de sello y cuño y Mª Teresa Seara, Directora de la Oficina de Correos en Maceda.

Surgieron palabras de recuerdo para Quiroga Palacios que marcó un hito en la historia al ser el primer presidente de la Conferencia Episcopal Española y el primer Cardenal en celebrar una misa en gallego, de ahí el día elegido para la presentación de su sello.

Numeroso público llenó el Salón de Actos del Castillo, pasando luego a visitar la exposición filatélica instalada en él.

*Ao acto inaugural estivo presidido polo Alcalde de Maceda, Xabier Oviedo, ao que acompañaron o Delegado Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Xosé Carlos Sierra, Francisco Nóvoa, promotor da idea, José Barros, Presidente da Sociedade Miño, Mª Elisa Abad autora de selo e cuño e Mª Teresa Seara, Directora da Oficina de Correos en Maceda.*

*Xurdiron palabras de recordo para Quiroga Palacios que marcou un fito na historia ao ser o primeiro presidente da Conferencia Episcopal Española e o primeiro Cardeal en celebrar unha misa en galego, de aí o día elixido para a presentación do seu selo.*

*Numeroso público encheu o Salón de Actos do Castelo, pasando logo a visitar a exposición filatélica instalada nel.*



*Pulido, Novoa, Abad, Sierra y Oviedo, atentos a la estampación del matasellos especial con la imagen del Castillo de Maceda*



*Momento del acto de Presentación*

*Vista general de la mesa situada en el Salón de Actos ubicado en la parte más antigua del Castillo: la Torre*

# EL MATASELLOS DEL CASTILLO DE MACEDA
# *O CUÑO DO CASTELO DE MACEDA*

*Mª Elisa Abad Suárez*












El castillo de la localidad de Maceda fue el elegido como tema central del matasellos que canceló los sellos personalizados dedicados al Cardenal Quiroga Palacios. Declarado Monumento Histórico-Artístico por Decreto del 22 de abril de 1949, remonta sus orígenes al siglo XI.

En principio se pensó en el escudo de esta villa, pero a petición del Alcalde se hizo el cambio por considerarlo un símbolo visible de la localidad natal del Cardenal.

Fue diseñado a partir de una foto antigua cedida por Xabier Oviedo. Se escogieron las líneas más representativas y que resaltaban el diseño estructural del mismo. Dado que el tamaño del matasellos es reducido, se decidió escoger la parte correspondiente a la entrada del Castillo en la que se puede apreciar el torreón y la antigua balconada, en la actualidad sustituida por una de metal después de la última restauración que lo convirtió en Hotel Monumento.

*O castelo da localidade de Maceda foi o elixido como tema central do cuño que cancelou os selos personalizados dedicados ao Cardeal Quiroga Palacios. Declarado Monumento Histórico-Artístico por Decreto do 22 de abril de 1949, remonta as súas orixes ao século XI.*

*En principio pensouse no escudo desta vila, pero a petición do Alcalde fíxose o cambio por consideralo un símbolo visible da localidade natal do Cardeal.*

*Foi deseñado a partir dunha foto antiga cedida por Xabier Oviedo. Escolléronse as liñas máis representativas e que resaltaban o deseño estrutural do mesmo. Dado que o tamaño do cuño é reducido, decidiuse escoller a parte correspondente á entrada do Castelo na que se pode apreciar o torreón e a antiga balconada, na actualidade substituída por unha de metal despois da última restauración que o converteu en Hotel Monumento.*

# FILATELIA NA ROMERÍA RAIGAME



*Mª Elisa Abad delante de su colección "Ribeiro, terra de viño" expuesta en la Romería Raigame dentro del espacio dedicado a la Cultura del Vino.*

Por séptimo año, Vilanova dos Infantes se convierte en el centro de la cultura popular gallega al acoger la Romería Raigame el 17 de mayo de 2008. En esta edición destacaron dos exposiciones; una sobre el patrimonio fluvial y otra sobre la cultura del vino en la "Adega de San Vivián". En esta bodega al lado de la exposición del Museo Etnolóxico de Ribadavia estuvo una exposición filatélica en la que participó nuestra socia Mª Elisa Abad Suárez con su colección "Ribeiro, terra de viño". Como novedad decir que en esta ocasión el tema presentado se tradujo al gallego para rendir así un homenaje a nuestra cultura y a nuestro patrimonio en el Día de las Letras Gallegas.

Además un escrito titulado "Os viños galegos na filatelia" ocupaba la contraportada del Periódico Informativo en el día de las Letras Gallegas de la Romería Etnográfica Raigame que se distribuía en Vilanova.

*Por sétimo ano, Vilanova dos Infantes convértese no centro da cultura popular galega ao acoller a Romaría Raigame o 17 de maio de 2008. Nesta edición destacaron dúas exposicións; unha sobre o patrimonio fluvial e outra sobre a cultura do viño na Adega de San Vivián. Nesta adega ó carón da exposición do Museo Etnolóxico de Ribadavia estivo unha exposición filatélica na que participou a nosa socia Mª Elisa Abad Suárez coa súa colección "Ribeiro, terra de viño". Como novidade dicir que nesta ocasión o tema presentado traduciuse ó galego para render así unha homenaxe á nosa cultura e ó noso patrimonio no Día das Letras Galegas.*

*Ademais un escrito titulado "Os viños galegos na filatelia" ocupaba a contraportada do Xornal Informativo no día das Letras Galegas da Romaría Etnográfica Raigame que se distribuía en Vilanova.*

# OS VIÑOS GALEGOS NA FILATELIA

*Por Mª Elisa Abad Suárez*

O viño é lenda desde o seu nacemento, agasallo dos deuses que se renova cada outono. A súa historia en terras galegas é moi antiga. De feito, corre parella á aventura dos romanos en terras de Hispania.

Hoxe en día, podemos gozar do magnífico viño do Ribeiro, o portentoso albariño das Rías Baixas, os maxestuosos tintos da Ribeira Sacra, os rexios caldos de Monterrei ou os admirables viños de Valdeorras. E todo iso grazas aos famosos mosteiros como Armenteira, Oia, San Clodio ou San Estebo porque, entre as súas paredes, os monxes de orixe francesa ensinaban técnicas e impuñan o cultivo da vide.

No campo filatélico pódense atopar unicamente dous **selos** alusivos ao tema rexional: o dedicado aos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas do ano 2002 e o último, ata a data: o que promociona os viños da Denominación de Orixe Ribeiro acollido de bo grado por todos os ourensáns; foi posto en circulación o 1 de setembro de 2004 aínda que a súa presentación oficial na nosa terra tivo lugar o 3 do mesmo mes no Hotel Mosteiro de San Clodio de Leiro; foi impreso en papel estucado, engomado fosforescente polo procedemento de oco gravado, con dentado 13 ¾ , formato vertical de 28,8 x 40,9 mm.; con tirada de 1.000.000 selos distribuídos en pregos de 50, o seu valor postal é de 0,27Euros; ambos pertencen a unha serie dedicada aos Viños con Denominacións de Orixe que esperemos que se amplíe incluíndo as outras tres denominacións galegas.




Con todo, é grato recordar que os **cuños** forman parte importante do material filatélico e temos marcas postais conmemorativas de eventos relacionados cos nosos caldos.

Un acio de uvas xa aparece nun cuño da Exposición Filatélica celebrada en setembro de 1964 no Barco de Valdeorras; nembargantes, a primeira ocasión na que sae á luz un alusivo a unha Feira do Viño é en 1973 coincidindo coa X Feira-Exposición do Viño do Ribeiro celebrada en Ribadavia; cun parón en 1978, o último da serie corresponde ao ano 1982.

En 1974 sae o primeiro en Cambados con motivo da XXII Festa do Viño Albariño que só volveu aparecer en 1976; acompáñalles o de Primeiro Día de Circulación do selo da zona emitido en 2002.

A palma, en canto a número, lévaa a localidade pontevedresa de Salvaterra de Miño que desde o ano 1976 emite cuños conmemorativos da Festa do Viño do Condado ata 1984 e desde 1989 á actualidade.

En O Rosal deléitannos con novidades que acompañan á Feira do Viño da zona desde o segundo ano da súa creación; así contamos cunha serie iniciada en 1994 que se renovou anualmente.

En 1999 emítese, na localidade lucense de Monforte de Lemos, un cuño con motivo da Mostra de Viños da Ribeira Sacra.

En canto a **rodillos**, Ribadavia é a vila que máis dedicou ao viño; tívoos desde 1973 a 1982 invitando a visitar a Feira-Exposición de Viños do Ribeiro; o último estivo en vigor do 15 de setembro ao 15 de outubro do 2004; nel pódese ver o logotipo do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro.

De Quiroga temos rodillo dende o ano 2004 sen interrupción, o último estivo en vigor do 22/02/08 ata 22/03/08.

Non podía deixar pasar a ocasión sen lembrar a D. Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" do que vimos de celebrar o I centenario do seu nacemento.

E que ten que ver D. Xaquín cos viños galegos e a filatelia?. É doado de entender: ademais de dedicar parte da súa obra de etnografía ao estudo detallado dos utensilios empregados no seu cultivo e elaboración, foi cofundador da Sociedade Filatélica Miño de Ourense e pregoeiro da Festa do Viño do Ribeiro no ano 1988, o anterior ao seu falecemento.

Sigamos as pegadas de D. Xaquín, amemos a nosa cultura e así amaremos a nosa terra.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
XUNTA DE GALICIA
Concello de Celanova
CAIXAGALICIA OBRASOCIAL
FUNDACIÓN COMARCAL TERRA DE CELANOVA
caixanova
CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO
FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ
inorde
ourense PADROADO PROVINCIAL DE TURISMO

*Contraportada del periódico Raigame.*

## TALLER DE FILATELIA EN EL COLEGIO “CARDENAL CISNEROS”
## *TALLER DE FILATELIA NO COLEXIO “CARDENAL CISNEROS”*




*Vista de la exposición montada en Cisneros coincidiendo con su fiesta anual*

Durante el curso académico 2007-2008 se ha impartido un Taller de Filatelia en el Colegio Cardenal Cisneros de Ourense; el encargado de este trabajo ha sido nuestro monitor nacional, Tomás de Nóvoa Valenzuela, que desinteresadamente acudía semanalmente a atender a los chicos.

Cada uno de ellos comenzó adquiriendo una serie de conocimientos filatélicos que luego pasaron a plasmar en sus colecciones.

Poco a poco, día a día, fueron creando su “obra” de la que se sienten y nos sentimos orgullosos.

**¡Enhorabuena chicos, seguid así! .**

*Durante o curso académico 2007-2008 impartiuse un Taller de Filatelia no Colexio “Cardenal Cisneros” de Ourense; o encargado deste traballo foi o noso monitor nacional Tomás de Novoa Valenzuela, que desinteresadamente acodía semanalmente a atender ós rapaces.*

*Cada un deles comezou adquirindo unha serie de coñecementos filatélicos que logo pasaron a plasmar nas súas coleccións.*

*Pouco a pouco, día a día, foron creando a súa “obra” da que se sinten e nos sentimos orgullosos.*

***¡Noraboa rapaces, seguide así!***



*Así de orgullosos posaban para la foto los jóvenes filatelistas con su monitor, Tomás de Novoa Valenzuela.*

*Entre ellos surgió una complicidad que contribuyó al éxito del proyecto.*



*Juan Cruz González Fernández presentó la colección "Entre castillos de Hispania" en la que hace un recorrido por los Castillos de la península ibérica.*



*Jerónimo González Fernández presentó la colección "No sólo a pie se mueve el hombre" en la que hace referencia a distintos vehículos.*



*Alejandro López Seoane presentó la colección "Bichos ¡a la mesa! en la que hace un recorrido por los distintos animales que forman parte de la alimentación humana en distintas partes del mundo.*



*Santiago Rodríguez Suárez presentó la colección "Con la música a todas partes" en la que nos habla de distintos instrumentos musicales, compositores, partituras,… muestra de su afición por el tema.*

## SELLO DE SAN MARTIÑO DE LAMAS-SAN CRISTOVO DE CEA
## *SELO DE SAN MARTIÑO DE LAMAS-SAN CRISTOVO DE CEA*










*Sello, sobre y tarjeta promovidos por nuestra Sociedad dedicados a San Martiño de Lamas*

El 2 de junio de 2008 sale a la luz otro sello de la serie de sellos personalizados dedicados a las exposiciones “San Martiño” celebradas por la Sociedad. En esta ocasión le tocó el turno a la Iglesia de San Martiño de Lamas en el Ayuntamiento de “ San Cristovo de Cea”.

Siguiendo la tónica habitual, la imagen de su fachada es que la figura como motivo central del sello al que se le han unido el nombre de la iglesia y el del ayuntamiento al que pertenece.

Ya en el año 2005 la Exposición San Martiño estuvo dedicada a esta iglesia sufragada por el Monasterio de Oseira y terminada en el año 1720.

*O 2 de xuño de 2008 sae á luz outro selo da serie de selos personalizados dedicados ás exposicións “San Martiño” celebradas pola Sociedade. Nesta ocasión tocoulle a quenda á Igrexa de San Martiño de Lamas no Concello de San Cristovo de Cea.*

*Seguindo a tónica habitual, a imaxe da súa fachada é que a figura como motivo central do selo ao que se lle uniron o nome da igrexa e o do concello ao que pertence.*

*Xa no ano 2005 a Exposición San Martiño estivo dedicada a esta igrexa sufragada polo Mosteiro de Oseira e terminada no ano 1720.*

# VISITAS A EXPOSICIONES
# *VISITAS A EXPOSICIÓNS*

Siguiendo con nuestro hacer a favor de la filatelia, tuvimos el agradable placer de acudir el 18 de julio de 2008 a la inauguración de la **Exposición de O Rosal** en la que participaron socios nuestros.



*Marila Abad, José Antonio Alonso con Alfonso Dorado y Miguel Martínez*

El 25 de julio de 2008, visitamos la III **Exposición Filatélica Reino de León** y Primera competitiva León-Galicia- Portugal que tan magistralmente organizó nuestro buen amigo y ex directivo de FEGASOFI, Joaquín Cuevas Aller, a quien desde estas líneas le deseamos los mayores éxitos. En esta exposición también miembros de nuestra sociedad aportaron colecciones.



*Barros y Tomás delante de sus colecciones en Benavides (León)*

El viernes día 15 de agosto de 2008 asistimos a la exposición que organiza en Monçao nuestro buen amigo Fernando Prego, dedicada a la organización Boy-scout y que pudimos observar que año a año va ganando en calidad.



*Tomás, Daniel y Barros en la Exposición de Monçao (Portugal)*

El día 30 de agosto de 2008, giramos visita a la exposición que se organiza en **Salvatierra de Miño** con motivo de "Festa do Viño do Condado"y en la cual participan también algunos de nuestros socios. Allí compartimos agradables momentos con el organizador, Alfredo Navarro Payá, el Presidente de O Rosal, Alfonso Dorado y el de Monçao, Fernando Prego.



*Alfonso, Prego, Barros, Alfredo, Marila y Tomás al pie del sello de Salvatierra*

# PRÓXIMAS EXPOSICIONES

## Exposiciones Ibéricas

**14 al 19 de octubre 2008**
Viana 2008 (Nacional portuguesa)
En Viana do Castelo (Portugal)

**28 de noviembre al 13 de diciembre 2008**
Nacional de Clase Abierta y Un Cuadro
En Aranda de Duero (Burgos)

**7 al 14 de noviembre 2009**
Juvenia 2009
En Mieres (Asturias)

**6 al 12 de octubre 2009**
Exfilna'09
Irún (Guipúzcoa)

**1 al 10 de octubre 2010**
Portugal 2010 (Exposición FIP)
Lisboa (Portugal)

## Exposiciones Gallegas

**18 al 21 de octubre de 2008**
La Guardia (Pontevedra)

**7 al 16 de noviembre 2008**
Exfigalicia
Cangas de Morrazo (Pontevedra)

**10 al 16 de noviembre de 2008**
XVIII Exposición San Martiño
Ourense

BOLETÍN INFORMATIVO DE LA SOCIEDAD FILATÉLICA, NUMISMÁTICA Y VITOLFÍLICA "MIÑO"

**Dirección:**
José Barros Cachaldora
María Elisa Abad

Dep. Legal: OU-99/98

**Imprime:**
*Imprenta Provincial de la Diputación de Ourense*

# REGLAMENTO EXPOSICIÓN SAN MARTIÑO 2008

**Artículo 1**.- La Sociedad Filatélica, Numismática y Vitolfílica "Miño", de Ourense, siguiendo los acuerdos tomados en su Asamblea, organiza la exposición anual tradicional, que tendrá lugar en la ciudad de Ourense, en el Aula de Cultura del Liceo entre los días 10 y 16 de noviembre de 2008.

**Artículo 2**.- Esta exposición se denominará "San Martiño 2008"

**Artículo 3**.- La exposición será de carácter no competitivo.

**Artículo 4**.- Sólo podrán participar los miembros de nuestra sociedad que estén al corriente en el pago de su cuota, así como aquellos coleccionistas que sean invitados expresamente por la Junta Directiva conforme a los criterios valorados por la misma.

**Artículo 5**.- El **boletín de inscripción**, debidamente cumplimentado, deberá de obrar en poder de la Comisión Organizadora **antes del día 12 de octubre**. Podrá enviarse por correo al apartado 328, entregarse los domingos (14, 21 y 28 de septiembre, 5 y 12 de octubre) en la reunión de socios o ser entregado al Comisario de la Exposición D. José Barros Cachaldora. La colección podrá igualmente ser entregada por los mismos conductos de forma que estén en poder del Comisario de la Exposición con fecha límite de 6 de noviembre de 2008. La Comisión Organizadora no se responsabiliza de cualquier incidencia que se produzca si la colección es entregada por cualquier otro conducto.

**Artículo 6**.- A esta exposición podrán concurrir todo tipo de colecciones de Filatelia, Numismática, Vitolfilia, Loterofilia y cualquier otra que autorice la Comisión Organizadora.

**Artículo 7**.- El expositor habrá de ser propietario y artífice de la colección que presente.

**Artículo 8**.- La inscripción es totalmente gratuita.

**Artículo 9**.- Sólo se permite una colección por participante.

**Artículo 10**.- Las colecciones constarán de un mínimo de 2 cuadros de 16 hojas (32 hojas) y un máximo de 5 cuadros de 16 hojas (80 hojas), con expresa excepción de las colecciones de un cuadro que habrán de acercarse al Reglamento FIP, siendo rechazadas todas aquellas que incumplan estas condiciones.

**Artículo 11**.- Se aconseja que las hojas, para ser expuestas, vengan convenientemente protegidas con una funda de plástico rígido, incolora y transparente, siendo responsabilidad del coleccionista cualquier deterioro que se produzca por esta carencia.

**Artículo 12**.- Se evitará presentar emisiones prohibidas así como fotocopias.

**Artículo 13**.- Los expositores que así lo deseen, podrán montar y desmontar personalmente sus colecciones, estando totalmente prohibido el uso de cualquier tipo de adhesivos o pegamentos, salvo casos excepcionales que serán autorizados por el Comité Organizador, previo estudio de su necesidad.

**Artículo 14**.- La exposición será montada los días 8 y 9 y desmontada el día 17 de noviembre.

**Artículo 15**.- El Comité Organizador tomará las medidas necesarias para proteger las colecciones recibidas, pero sin asumir ninguna responsabilidad por pérdida, hurto, robo, daño, incendio, extravío durante el transcurso, recogida, manipulación, exposición y devolución.

**Artículo 16**.- Cada expositor puede asegurar por su cuenta la colección que presente.

**Artículo 17**.- En ningún momento se podrán retirar ni desmontar la colección a exponer, una vez esté en poder del Comité Organizador, hasta finalizar la exposición.

**Artículo 18**.- El hecho de participar, implica que el expositor y su representación legal, en caso de minoría de edad, aceptan sin reservas el presente reglamento.

**Artículo 19**.- La Comisión Organizadora resolverá cualquier situación que no se contemple en este Reglamento.

**Artículo 20**.- Cada expositor será obsequiado con un recuerdo de la exposición, que será entregado en la Comida de Hermandad el domingo día 16 de noviembre.

**La Sociedad Filatélica, Numismática y Vitolfílica Miño tiene abiertas sus puertas al mundo del coleccionismo desde el año 1964.**

Pertenecer a ella supone grandes ventajas:

**S**er miembro de FEGASOFI (Federación Española de Sociedades Filatélicas)
**O**ptar a consultar catálogos filatélicos y numismáticos, nacionales y mundiales
**C**onocer a otras personas con las que compartir inquietudes y conocimiento
**I**nformarse de las novedades al recibir gratuitamente nuestro Boletín FILAMIÑO
**E**star presente en exposiciones competitivas nacionales e internacionales
**D**ar un empujón a la colección intercambiando material con los asociados
**A**bonarse a todas las emisiones de sellos de Correos sin gasto alguno
**D**isfrutar de la afición en nuestras reuniones de los domingos en el Liceo

**M**
**I**
**Ñ**
**O**

**Reuniones:**
Día: Domingos
Hora: de 11 a 13 horas.
Lugar: Liceo Orensano - 2ª planta

**Información:**
Presidente: D. José Barros Calchadora ☎ 667930012
Secretario: D.Tomás de Nóvoa Valenzuela ☎ 620159446

*e-mail:* sfnvourense@terra.es
www.sociedadmiño.es www.sociedadmino.wordpress.com

Cuota anual 2008: 20 € para adultos , 6 € para juveniles , 0 € infantiles